



Manifiesto en defensa da escrita a man

Ninguén *manuscribe* coma ti

O desenvolvemento da escrita manuscrita supuxo un fito na nosa civilización. Convertemos imaxes mentais en iconas e, ao longo do tempo, as palabras escritas revelarían a consolidación dos nosos pensamentos. A escrita marca o éxito da comunicación humana ampla, intercultural.

A escrita manual é un proceso moi complexo que nos reivindica como persoas e que comeza na nosa primeira infancia. O dominio dos útiles de escritura marca a evolución do noso progreso escolar: o paso do lapis ao bolígrafo, da pluma ao rotulador, de aí ao pincel e incluso ao aerosol. Este proceso expresa, máis que o avance manual e o desenvolvemento das nosas habilidades motoras, o alongamento da nosa conciencia.

Non se trata, en absoluto, de darlle as costas á magnífica perspectiva que presenta o mundo dixital, a utilidade das pantallas na ensinanza, no lecer; benvidas sexan todas estas ferramentas.

Este texto non propón lanzar unha cruzada contra o mundo tecnolóxico, o que significaría un retroceso social.

Non obstante, múltiples estudos científicos avalan as capacidades que amplía a escrita manuscrita nas persoas novas ou cativas. Como se fortalece a memoria, a capacidade de aprendizaxe, de asociación de ideas, a expresión de emocións; e como se perfecciona a coordinación senso-motora, a interacción entre o cerebro e os músculos das extremidades distantes e a relación ollo-man. A mirada atenta da elaboración dos trazos sobre o papel activa os sentidos e aviva zonas do cerebro que non é capaz de estimular o uso das teclas. Non deixemos de poñela a proba, acotío.

Ignorar as achegas da escrita manuscrita, sobre todo en etapas clave da formación como a infancia e a adolescencia, podería minguar o progreso óptimo da aprendizaxe. Por iso preténdese, con este manifiesto, chamar a atención tanto ás instancias educativas competentes como á sociedade en xeral, para que esta actividade amanuense se prescriba en toda as idades e, inda máis, na etapa madura, onde a escrita a man actúa como protector do envellecemento neuronal e mantén a mente alerta. Estamos a tempo de gañarlle a partida ao teclado *preditor*, pasivo e impersoal. A escrita manuscrita alonga a nosa conciencia.

Elaborado por: Mónica Bar Cendón | Presidenta Sección de Pericia Caligráfica